

# Alt 10

**9º Festival Alternativo**  
das Artes Escénicas de Vigo  
**11.03 > 20.03 | 2010**  
[www.festivalt.org](http://www.festivalt.org)



Chegamos á novena edición do ALT a punto de cumprir a nosa primeira década. Un ano máis, coa esperanza sempre de que o ALT sexa un proxecto desta cidade que tanto amamos e que se manteña no tempo porque, só así, se conseguirá o oco que un festival destas características se merece.

Xa é un logro importante chegar ata aquí, houbo momentos duros, ganas de tirar a toalla, frouxidade, pero, sempre que isto acontecía, pensabamos que debiamos continuar e iso é froito única e exclusivamente do noso amor á arte, nunca cansaremos de dicilo.

A nosa filosofía inicial segue intacta, as nosas ganas tamén, aínda que, de vez en cando, decaian. O ter conseguido que ALT continúe despois de tantos anos non é só un mérito noso, éo tamén do Concello de Vigo e do público.

Sentímonos fachendosos de ter sido invitados durante este ano a mesas e foros a nivel estatal nos que, o ALT, sentou cos representantes de estruturas de referencia nas artes escénicas. Aí estivemos, debatindo e cruzando opinións sempre en pro da arte escénica e dos creadores.

Este ano volvemos a programar o que consideramos pode interesar nunha mestura sempre ambigua e multidisciplinar e sen deixarnos levar polo fácil.

O ALT non é un festival de masas, nin de estrelas, como todos sabedes a estas alturas, nunca pretendimos iso. Queremos abrir as portas á nova creación e facer diso unha forma de lecer distinta da que, o público, forma parte importante.

O noso especial week end da edición pasada, que funcionou marabillosamente, deu coma froito que compañías galegas fosen coñecidas polos directores doutros festivais que viñeron invitados ao ALT e saíran fóra.

Este ano non haberá week end que pasará a ser bianual pero si haberá unha tarde especial para as e os novos creadores galegos.

Teremos tamén o proxecto 0 de “Políticas da palabra” de Oscar Cornago cunha mesa na que se presentará o devandito proxecto que se levará a cabo en vindeiras edicións e que tratará de recuperar a creadores que foron e seguen sendo referente dunha nova linguaxe nos escenarios.

Contaremos para iso coa presenza de Carlos Marquerie e Elena Córdoba como primeiros invitados a este proxecto.

De cara á décima edición de ALT invitamos a dez directores cómplices do festival para que coñezan os espazos e propoñan eles dez compañías para ALT11 abrindo así outro xeito de programación na que traballaremos todo o ano dende distintos puntos de vista, sempre, mantendo a nosa liña.

Chega ALT10 cargado de festa escénica. Esperamos que estes dez días sexan tan especiais para vós coma o son para nós.

**Lola Correa (directora do ALT.)**

*“O sufrir merece respecto, o someterse é despreziable” (Victor Hugo)*

Programación	4
xoves 11	6
venres 12	12
sábado 13	16
domingo 14	20
xoves 18	22
venres 19	26
sábado 20	32

Día	Hora	Espazo	Espectáculo/Actividade	Compañía
<b>xov. 11</b>	13.00	CUVI (Universidade de Vigo)	<i>Exstrada</i>	Etxea (Francia)
	20.00	MARCO	<i>Borrón 8</i>	Losquequedan (Valencia)
	21.30	CASA DAS ARTES	<i>Hier j'ai collé des timbres et écrit des adresses á la main...</i>	Café Flash (Francia)
		Rúas da cidade	<i>Exstrada</i>	Etxea (Francia)
<b>Ven. 12</b>	19.00	MARCO	<i>Testemuña casual do meu tempo</i>	Conferencia de Oscar Cornago e Carlos Marquerie
	21.30	CASA DAS ARTES	<i>Los Corderos</i>	Histrión Teatro
<b>Sab. 13</b>	20.00	MARCO	<i>Luz de Gas</i>	Montse Penela
	20.30	MARCO	<i>Luz de Gas</i>	Montse Penela
	21.30	CASA DAS ARTES	<i>La mujer de la lágrima</i>	Elena Córdoba
<b>Dom. 14</b>	19.00	CASA DAS ARTES	<i>La democracia</i>	Pablo Fidalgo e Estefanía García (Galicia - Valencia)

Día	Hora	Espazo	Espectáculo/Actividade	Compañía
<b>xov. 18</b>	20.00	MARCO	<i>As the flames rose we danced to the Sirens, the Sirens</i>	Sleepwalk Collective... (Euskadi)
	21.30	CASA DAS ARTES	<i>Zoo (bestias trajeadas)</i>	Ertza (Euskadi)
		Polas rúas das cidades	<i>Exstrada</i>	Etxea (Francia)
<b>Ven. 19</b>	18.00	MARCO	<i>Arquitecturas interiores</i>	Carolina Fernández
	19.30	CASA DAS ARTES	<i>Water Spring</i>	Alfonso Rivera
	21.30	CASA DAS ARTES	<i>Rewind, fantasías en 1987</i>	Uxía P. Vaello e Borja Fernández
<b>Sab. 20</b>	20.00	MARCO	<i>Bodegones de un alma</i>	Vero Cendoya (Cataluña)
	21.30	CASA DAS ARTES	<i>Días, pasan, cosas</i>	Mandaíto Producciones (Andalucía)

# Exstrada

Cía. Etxea

Xoves 11 ás 13.00 horas no CUVI (Universidade de Vigo. Xoves 11, venres 12 e sábado 13 polas rúas da cidade

*EXSTRADA* é unha *performance* para rúa, unha pequena perturbación que interfere coa normalidade cotiá rompendo cos códigos corporais e de comportamento no espazo público, un paseo interactivo co urbano e cos viandantes. Con *Exstrada* Frédéric Etcheverry e Gloria Aras volven a actuar no, e co, espazo público que abandonaron en 1998 despois de *Negrabox*.

Esta obra de danza – teatro de rúa artículase arredor da presenza, da improvisación, do movemento, da composición instantánea, da interacción e do contacto físico co público, no silencio total (sen música nin texto) e a maior simplicidade. *Exstrada* cuestiona o lugar do home na cidade, e máis xeralmente na sociedade, cunha mirada poética e desfasada.

**creación e interpretación. FRÉDÉRIC ETCHEVERRY, GLORIA ARAS**



Compañeiros no escenario e na vida Frédéric Etcheverry e Gloria Aras viven e traballan xuntos dende 1993. Parella franco-española, residen en París. Ata o ano 2003 animan e dirixen xuntos o *Groupe Pesce Crudo* (fundado por Frédéric Etcheverry en 1990) e presentan o seu traballo en máis de 20 países de 4 continentes. O corpo e o obxecto eran a materia prima do grupo que non empregaba nunca o texto senón o mimo, do teatro de obxectos, da danza e da acrobacia.

As creacións do grupo exploraban unha relación non escénica co público, que era sempre activo e libre nos seus movementos en torno a unha estrutura monumental da que se apropiaban. Os espectáculos do *Groupe Pesce Crudo* foron sempre un convite a reflexionar xuntos sobre a condición humana e a vida en sociedade.

En 2003 deciden transformar *Pesce Crudo* en *Etxea*, para consagrarse a un traballo en parella, máis persoal e máis experimental. Non obstante, *Pesce Crudo* segue sendo o produtor dos espectáculos do dúo. A investigación artística de Frédéric Etcheverry e Gloria Aras evoluciona cara unha forma de expresión persoal que non desexan definir botando man de palabras como teatro, danza, mimo ou acrobacia. Prefiren falar de presenza, simplicidade, contacto e interacción. A súa expresión nítrese de visións, símbolos e sensacións que desexan compartir. Para dicir este indicible decidiron calar e expresar en silencio a súa mirada de artistas sobre a nosa condición humana.

Sen música, sen texto. O silencio toca a súa propia 'música', a través do ritmo e dos sons dos corpos en movemento, das reaccións do público e dos ruídos orgánicos da representación. Sen decorados. O espazo da representación é empregado no seu estado bruto, no "aquí e agora". A súa intención non é a de fabricar espectáculos para velos, senón a de crear verdadeiros momentos para vivilos xuntos. Non queren illarse sobre un escenario, nas súas creacións actores e público comparten o mesmo espazo e atópanse durante un ritual en tempo real. Nesta improvisación estruturada non actúan personaxes, pero os artistas encarnan o seu propio rol. É unha viaxe interior que viven intensamente.

[www.etxea.org](http://www.etxea.org)

**Xoves 11 ás 20.00 horas no MARCO**

A peza de danza *borrón#8* é o resultado dunha investigación sobre o concepto de \_\_\_\_\_, entendido como \_\_\_\_\_. Os 5 intérpretes desenvolven \_\_\_\_\_ e \_\_\_\_\_ cunha técnica baseada en \_\_\_\_\_. En definitiva, *Losquequedan* continúa propoñéndonos novas incógnitas que resolver no campo da danza.

*Borrón#8* consiste na construción dunha peza de danza que ten como base os requirimentos dunha orde de axudas ou subvencións. Argumentando a non existencia dun espectáculo co que xustificar o diñeiro recibido e da necesidade do mesmo, os membros da compañía constrúen en escena, coa cooperación dos espectadores, que acaban sendo documentalmente os propios autores, todos os documentos (fotografías, vídeo, dossier, publicidade, crítica...) dunha obra que previamente non existía. Unha de-construción do que un espectáculo significa en canto ao que a documentación se refire, a construción do que un espectáculo significa para a institución.

Con este traballo *Losquequedan* formula unha crítica ao funcionamento das subvencións, o establecemento de períodos pechados de produción, a anulación da creatividade debido aos esquemas pouco flexibles, etc, ademais da indagación en modelos de creación preestablecidos.

**dramaturxia.** LOSQUEQUEDAN

**intérpretes.** VICENTE ARLANDIS, SANDRA GÓMEZ E MARC MARTINEZ

**iluminación.** XIMO ROJO

**video.** LOS QUE QUEDAN




*LOSQUEQUEDAN* é unha compañía creada no ano 2001 por Sandra Gómez e Vicente Arlandis coa intención de desenvolver as súas propias propostas artísticas. Nos seus primeiros traballos poñen o acento no corpo e a coreografía. Dende o principio focalizaron o seu interese nos procesos de creación e desenvolveron diferentes xeitos en relación ás novas propostas. Traballaron dende disciplinas como o vídeo, a danza, a *performance*, etc.

A súa liña de investigación actual céntrase na busca de diferentes formas de presenza do corpo en escena e na impostura e falsificación como ferramentas para a construción de novas realidades.

Para a creación dos seus traballos teñen recibido residencias do Centro Coreográfico de la Comunidad Valenciana, La Casa Encendida e o programa Mugatxoan. Obtiveron bolsas para participar no proxecto Thierry Salmon, Ecole des Mattress e a participación no concurso de artes plásticas Starpoint (República Checa).

Traballaron con artistas como Jan Fabre e Pippo del bono. Os seus traballos foron mostrados en Valencia, Sevilla, Barcelona, Madrid, Burgos, Bilbao, Lima, etc.



# Hier j'ai collé des timbres et écrit des adresses à la main...

Café Klash

Xoves 11 ás 21.30 horas na CASA DAS ARTES

Neste proxecto, un bailarín e un xograr confrontan as súas disciplinas ao redor da noción de correspondencia, cuestionándose o seu carácter íntimo ou oficial, pero tamén, a súa materialidade.

Como pode, o contido alí pregado, resoar no corpo?

Como a espera de novas pode inscribirse nunha relación íntima co obxecto?

O traballo no espazo é coreografado polo traxecto, polo peso e o volume dos sobres manipulados durante a peza.

Sorprendentes, burlescas, tráxicas, as imaxes mestúranse, contéstanse, enriquecéense.....as mesmas aberturas cara aos fantasmas do pasado que cara aos futuros fantasmas

**dramaturxia.** DAVID WAHL

**intérpretes.** SYLVAIN COUSIN, LUCAS MANGANELL

**produción.** CENTRE CULTUREL DE RAMONVILLE, CAFÉ KLASH COLLECTIVE

Dentro do cruce entre os distintos campos artísticos, *Café Klash* é un colectivo pensado coma un espazo de busca e de creación. No corazón deste dispositivo de busca, o corpo e o obxecto serven de punto de ancoraxe para unha mirada sobre o ser humano e a súa relación co espazo natural e social.

A busca deste colectivo apoiase na noción de memoria ancestral, individual e colectiva, nas súas resonancias na nosa época e na posta en evidencia de certas incoherencias ligadas á uniformación e esterilización crecentes do medio cotiá. Escollen traballar con materias e obxectos relacionados con coñecementos técnicos específicos.

O colectivo foi acollido durante tres anos no teatro do *Théâtre de l'Institut Psychiatrique Marcel Rivière de La Verrière* no marco dunha residencia de busca e escritura.



## Mesa-Conferencia: ALT e o proxecto Edición 0 'Testemuña casual do tempo'

**Interveñen: Oscar Cornago, Carlos Marquerie**  
**Modera: Lola Correa**  
**Venres 12 ás 19.00 horas no MARCO**

ALT leva un par de anos querendo facer unha viaxe a través do tempo cos creadores que sinalaron a marca de identidade nas artes escénicas contemporáneas nos últimos vinte anos en España.

ALT tomou coma referente o libro de Oscar Cornago "Políticas da palabra" para esa viaxe cos creadores aos que se alude no devandito libro.

Estas e estes creadores son : Carlos Marquerie, Elena Córdoba, Angelica Lidell, Sara Molina, Rodrigo García e Esteve Grassé.

Este será o inicio desa andaina. Para iso veñen o ALT como invitados de luxo o autor do libro Oscar Cornago e dous dos creadores máis importantes dos últimos anos no noso país Carlos Marquerie e Elena Córdoba.

Testemuña casual do meu tempo...

Carlos Marquerie é autor, director de escena, pintor, escenógrafo e iluminador. Membro fundador da compañía La Tartana Teatro en 1977. De 1981 a 1985 dirixiu o Encuentro Internacional de Teatro en la Calle de Madrid. En 1988 dirixiu, xunto a Esteve Graset, os Encuentros de Teatro Contemporáneo de Murcia. Es mesmo ano recibe o Premio Icaro de Teatro de Diario 16.

Durante 1985-86 dirixe "Movimiento Producción y Servicios Teatrales". En 1990 funda, xunto con Juan Muñoz, o Teatro Pradillo de Madrid.

En 1996 abandona o Teatro Pradillo e La Tartana Teatro, e constitúe a "Compañía Lucas Cranach" Como autor escribiu as obras montadas por el mesmo entre as que figuran "Otoño", "Lucrecia y el escarabajo disiente", "2004 (tres paisajes, tres retratos y una naturaleza muerta)" e "El temblor de la carne"

É autor de varias publicacións como “El temblor de la carne”, “120 Pensamientos por minuto” e “De hostias y ángeles”

Óscar Cornago é investigador no Centro de Humanidades e Ciencias Sociais do Consello Superior de Investigacións Científicas de Madrid. O seu traballo especializouse en historia do teatro contemporáneo e teoría dos medios. Actualmente dirixe o proxecto “Imaxinarios sociais nas culturas da globalización: o público e o privado. Documentación e análise da creación escénica en Iberoamérica (2000-2010)”. Entre os seus libros atópanse “La vanguardia teatral en España” (1965-1975): “del ritual al juego”, “Pensar la teatralidad” e “Resistir en la era de los medios: estrategias performativas en literatura, teatro, cine y televisión”. Forma parte de ARTEA e é coordinador do Archivo Virtual de las Artes Escénicas (<http://artesescenicas.org>). Estudou e documentou a obra de directores contemporáneos en España e Latinoamérica en libros como “Políticas de la palabra”, “Éticas del cuerpo” e “Acercamientos a lo real”.

### Conversacións con Carlos Marquerie e Óscar Cornago

Ao longo dos anos noventa foise formando unha nova paisaxe das artes escénicas, desenvolvida nun contorno social e político tamén novo. El rey de los animales es idiota, obra realizada entre 1996 e 1997, marca un punto de inflexión no traballo de Carlos Marquerie, e con 2004 (tres paisajes, tres retratos y una naturaleza muerta) e a serie posterior El cuerpo de los amantes, este xiro consolídase a través dun mundo escénico onde se radicalizan os principios que comezaron a facerse presentes en El rey.

Este encontro é o que queda en lugar de...no lugar da outra cousa, que ía ser un proxecto de diálogo persoal de Carlos Marquerie con esos 14 anos de creación transcorridos dende 1996. Á súa vez, esta retrospectiva (que finalmente non se puido facer), en certo modo, era tamén un proxecto en lugar de, un proxecto que se situaba neste presente, 2010, no lugar que anos atrás ocuparan outras obras, outros corpos e outras vivencias. O presente, coma a historia e o teatro, están sempre no lugar do que xa non está.

Este encontro nace, por tanto, da pregunta acerca da relación co pasado, onde situarse fronte á historia, fronte á historia persoal, a historia escénica ou a historia social e política. Como entender o que foi en relación co que é. Esta cuestión sobre o pasado convértese, así, nun interrogante sobre o presente, sobre un aquí e un agora concretos e persoais; unha cuestión en certo modo “escénica” que obriga a pensar un modo de situarse na escena, de enfrontarse ao traballo artístico, de mostrarse fronte ao outro, de facerse público, de ser presente, sen deixar de ser historia.

# Del maravilloso mundo de los animales los corderos

Cía. Histrión Teatro

Venres 12 ás 21.30 horas na Casa das Artes

xénero. teatro / duración. 70'

Gómez aparece vendado e atado na casa de Berta. Descoñece as razóns e Berta rexeita darlle explicacións.

Aparece Fermín, veciño da casa que quere levar a nena, filla de Berta a pasear. Berta impídello. Tras unha conversa entre Berta e Gómez na que aparecen temas do pasado, Berta féreo no pescozo. Fermín volve sobresaltado cos ruídos e coa escusa de que é médico, confésalle a Gómez que o obrigaron a secuestralo. No medio da discusión aparece Tono, ex parella de Berta que xa non vive na casa. Tono e Gómez atópanse de novo, foron amigos. A nena aparece no cuarto e cuestiona que Tono sexa o seu pai. Gómez descobre que a filla é súa e que Tono mantén relacións con ela. Gómez apunta coa pistola a Tono. A pistola non dispara e volve a ser atado e amordazado. Fermín lévao.

Tono e Berta pagan á suposta nena o pactado. A vida continúa.

*“...Trátase dunha peza escura, con indirectas pero implacables referencias a un mundo degradado e a unha época feroz, concibida nun sutil contrapunto coa pseudo- tranquilidad e alegría dun “reencontro” familiar... “*

María Florencia Heredia

**texto e dirección.** DANIEL VERONESE

**intérpretes.** GEMA MATARANZ, MANUEL SALAS, ENRIQUE TORRES, ELENA DE CARA E PACO INESTROSA

**deseño iluminación.** JUAN FELIPE AGUSTÍN

**sponsor.** JUAN FELIPE AGUSTÍN



*HISTRION TEATRO* nace en 1994 e dende entón desenvolveu a súa actividade de xeito continuado no campo do teatro profesional tanto para adultos como para nenos. Entre os anos 1996 e 2000, foi compañía residente nos teatros Calderón de la Barca de Motril e Casa de Cultura de Santa Fé, realizando diversas actividades no ámbito educativo. Na súa traxectoria, *Histrión Teatro* tense consolidado nunha franxa de mercado prezada tanto na comunidade andaluza como fóra dela.

En xaneiro de 1994 estrea o seu primeiro espectáculo, *'Volpone o El Zorro'* de Ben Jonson estreado na Feria de Teatro de Palma del Río (Córdoba), e que supón a presentación oficial da compañía e consegue o premio á compañía revelación de 1994. En outubro de 1996 é convidada polo Lost Theatre de Londres para ser incluída na programación de outono.

A súa segunda montaxe *'El ladrón de sueños'* foi considerada un dos tres mellores espectáculos infantís do ano 98 por AETIJ (Asociación Española de Teatro para la Infancia y la Juventud).

*'Tartufo, El Impostor', 'Don Quijote de la Mancha', 'Cyrano de Bergerac', 'Un, dos, tres, esperando a Vert', 'Juana la loca', 'Cada mochuelo a su olivo', 'Amor de Don Perlimplín con Belisa en su jardín'* ou *'Juana, la reina que no quiso reinar'* son algúns dos traballos desta compañía.

# Luz de Gas

Monse Penela

Sábado 13 ás 20.00 e as 20.30 horas no MARCO

Na plenitude non hai desexo. Na serenidade tampouco. Só hai desexo no movemento que voluntaria e conscientemente facemos dun ao outro. A danza é un desexo en estado puro e abstracto, un anhelo irracional; un desexo de supervivencia, de afirmación. Un desexo de loucura. Un desexo espiritual, converter carne en espírito. Un desexo imposible...por tanto desexo eterno.

Voluntaria e consciente o meu desexo empúrrame da serenidade á plenitude. Este é o retrato de quen se sitúa entre o anhelo e a realidade. Son fugas do corpo, proba de como os humores o percorren sensitivamente, creando comportamentos inestabeis.

Unha reflexión poética sobre os estados que transita o corpo coa que Montse Penela constrúe unha peza ínfima, capaz de establecer co espectador unha relación de intimidade núa, case case atropeladora

(La Porta, Dansa o no...)

**dirección e interpretación.** MONSE PENELA

**iluminación.**SUSANA VELASCO

**colaboración creativa.** SUSANA VELASCO

**asistente en escena.** GETSEMANÍ DE SAN MARCOS

**música.** VALS TRISTE DE SIBELIUS

**agradecementos.** IÑAKI BUSTAMENTE, LOLA JIMÉNEZ, GETSEMANÍ SANMARCOS





Bailarina-intérprete e profesora de danza, Montse Penela fórmase en danza clásica e contemporánea, a súa traxectoria artística está ligada ao traballo desenvolvido con Elena Córdoba, coa que colaborou como intérprete nas súas últimas creacións. Traballou ademais con Carlos Marquerie, Carlos Fernández, Carmelo Salazar, Bea Fernández, Iñaki Azpillaga, Enrique Cabrera, Katie Duck e Gary Stevens, entre outros. Luz de Gas é o seu primeiro traballo en solitario.

Actualmente traballa con Bea Fernández e pronto comezará de novo unha montaxe con Elena Córdoba. Neste momento imparte tamén clases de danza contemporánea no Conservatorio de Danza de Madrid. Nos últimos anos compaxina o seu traballo como creadora co de intérprete e o de profesora.

# La mujer de la lágrima

Elena Córdoba

Sábado 13 ás 21.30 horas na Casa das Artes

“La mujer de la lágrima” é froito do encontro que a realizadora de cine Silvia Calle e máis eu tivemos coas coleccións anatómicas en Francia. É un estudo poético sobre as representacións do corpo anatomizado. Representacións de corpos que, aínda amosándose como vivos, nos ensinan o seu interior nunha dualidade imposible.

“La mujer de la lágrima” pertence a “Anatomía poética” I ciclo de creación sobre o interior do corpo.

**intérpretes.** ELENA CÓRDOBA e MARÍA JOSÉ PIRE

**diseño iluminación.**CARLOS MARQUERIE

**dirección.** ‘Siete piezas macabras’ un vídeo de SILVIA CALLE, ‘Danzas macabras’ ELENA CÓRDOBA e MARÍA JOSÉ PIRE

‘La mujer de la lágrima’ creouse en colaboración co Instituto Cervantes en Madrid e en París, e o Ministerio de Asuntos Exteriores



Elena Córdoba, coreógrafa independente, fómase en danza clásica e contemporánea en Madrid e París. Dirixe obras dende 1989 en Madrid, os seus últimos traballos foron: “Lección de tinieblas” e “Herminia y Ana” actualmente realiza o proxecto de estudo e creación “Anatomía poética”.

Foi bolseira da residencia de Estudiantes de Madrid e recibiu o premio á investigación nas linguaxes escénicas no Festival INFANT de Novi Sad. Ten traballado como coreógrafa en obras de Rodrigo García, Carlos Marquerie, Antonio Fernández Lera, e John Romao. O seu traballo pedagóxico seguiu un camiño paralelo á súa tarefa como coreógrafa.

# La democracia

Pablo Fidalgo & Estefanía García

Domingo 14 ás 19.00 horas na Casa das Artes

En “La Democracia” narramos a historia dos nosos corpos xuntos para crear así a nosa presenza última. Sabemos que para chegar a ela debemos vivir. Pensamos, imaxinamos, escribimos e limos, pero aínda non vivimos. Pasamos por todos os corpos, por todas as formas de amar, e nunca chegamos ata o final. Falamos dos corpos que sentimos e tocamos, das feridas que foron nosas. Esa foi a nosa forma de educarnos. Esta foi a nosa educación sentimental.

Con este acto quería ser amado -E foches amado?- Non podo dicilo aínda. Hai que traballar para ser amado, hai que saber gritar. Sabes ti en qué consiste a revolución?

Son fráxil e forte. Escollinte a ti para vivilo todo. Dis que causaches moito dano. Dis que todo o convertes en dor. Pero Que é o máis belo que podes facer por alguén? Volvo escollerte para vivilo todo. Escóllote a ti.


**interpretación e dirección.** PABLO FIDALGO e ESTEFANÍA GARCÍA

**Deseño iluminación.** DAVID DE BENITO

Subvencionado por : La Casa Encendida (Madrid), Aula de danza de Alcalá de Henares, Centro Dramático Galego, L'Estruch (Sabadell), L'animal a l'esquena (Gerona)

Pablo Fidalgo (Vigo, 1984) e Estefanía García (Valencia, 1983) inician a súa estreita colaboración en 2008. Escribiron, interpretaron e dirixiron xuntos a peza *Estudios Completos*, creada no L'Estruch de Sabadell e presentada no festival 'Informales' de La Poderosa de Barcelona.

Desta primeira peza breve xorde a peza *La Democracia*, que recibe bolsas de creación de La Casa Encendida e Aula de Danza UAH, do Centro Coreográfico de Galicia. *La Democracia* foi estreada en La Casa Encendida, en outubro de 2009, no Festival Emergències en Valencia, e no Centro Dramático Galego. O seu terceiro traballo, *Night People*, comeza en xaneiro de 2010 grazas á residencia artística en L'Animal a la Esquena, en Girona.



# As the flames rose we danced to the sirens, the sirens

Sleep Walk Collective

Xoves 18 ás 20.00 horas no MARCO  
Xénero. Performance / Duración. 55'

Iara comeza a temer o peor. Busca un lugar cheo de estraños en cuxos brazos caer. Busca un conxuro que a libere da morte. E aínda que non é de todo fiar, e nin sequera mereza axuda ou consolo, esta noite gustaríalle poñerse nas vosas mans.

**dirección.** SAMUEL METCALFE

**intérpretes.** IARA SOLANO

**deseño iluminación.** SLEEPWALK COLLECTIVE

sponsor. FACTORIA DE FUEGOS



*Sleepwalk Collective* é un grupo de teatro-performance formado en Londres en 2006. O traballo da compañía está baseado na fascinación que manteñen os seus membros pola performance como evento real, que ocorre nun espazo e tempo concretos, e explora cuestións da ficción e da realidade, e do que significa vivir e ser humano. Este traballo emerxe de prácticas artísticas contemporáneas, así como do clásico *avant garde*, pero sobre todo é creado para e polo teatro - o teatro como idea, como espazo físico e como un conxunto de regras coas que xogar.

Gústalles o teatro polo que lles consente; porque, ás veces, permítelles mentir aos estraños, a xente con nomes que nin coñecen; porque, ás veces, déixalles dicir verdades - as verdades ás que temen-, as verdades das que están namorados. Gústalles o teatro porque ao final sempre hai esperanza nel. *Sleepwalk Collective* son: Iara Solano Arana (España), Malla Sofía Pessi (Finlandia) e Sammy Metcalfe (Gran Bretaña).

# Zoo (bestias trajeadas)

Cía. Ertza

Xoves 18 ás 21.30 horas na Casa das Artes.

Xénero. danza / Duración. 60'

Este ZOO dános a oportunidade de observar a un grupo de seres humanos expostos nun espazo reducido. Poderemos ver cómo se desenvolven no seu novo hábitat e seremos testemuñas dos seus costumes e comportamentos. Analizarémolos coma se formasen parte dun experimento no que dende a nosa situación protexida, seremos “voyeurs” da súa vida cotiá. Teremos o privilexio de ver as reaccións máis salvaxes destes “animais”. Ver sen ser vistos. Pero este privilexio ten un prezo...verse identificado nas súas accións.

**dirección.** ASIER ZABALETA

**intérpretes.** PILAR ANDRÉS, ANDREA QUINTANA, MANUEL RODRÍGUEZ, NOEMÍ VIANA, ASIER ZABALETA

**deseño iluminación.** ANTONI ANGEL ALCALDE

Deputación Foral de Gipuzkoa / Gipuzkoa Foru Aldundia, Eusko Jaurlaritza / Gobierno Vasco





É obxectivo de Ertza crear un novo espazo no que diferentes disciplinas da arte teñan a súa cabida xunto coa danza contemporánea, e poder enriquecer notablemente a linguaxe escénica mediante o diálogo e a interacción das mesmas. A través da utilización do texto, do personaxe, da tecnoloxía audiovisual, ou de calquera outra forma de expresión que propoñan os participantes, intentar buscar a forma máis fiel, directa e bela de escenificar o que se pretende dicir. Facer fincapé no movemento que xorde directamente da emoción, despoxándoo de todo artificio e ordenamento simplemente estético.

**Asier Zabaleta** nace en Ezkio (Gipuzkoa) o 3 de xuño de 1972. Dende 1994 participa como intérprete nas compañías Arteszena, Adeshoras, Compañía de Vicente Sáez, Hojarasca, Q-ro y Cía e Mascarada.

Dende o ano 1999 ata o 2004 forma parte da compañía suíza Alias, afincada en Ginebra, coa que ten participado na creación de seis obras de danza-teatro e varios proxectos paralelos como filmes, exposicións e improvisacións públicas.

Compaxinando o seu traballo de intérprete co de coreógrafo, está presente nos espectáculos: “DANADA” (1.998), “Belaki efektua” (1.999), “EGO” (2003) primeiro premio do certame de solos do festival “10MASDANZA” de Gran Canaria, “EGO-tik” (2004), “Babia” (2005), “LOOK”, “PA QUÉ TOCAS” (2006), “ELAGUJERODELAVESTRUZ”, “Intemperie”, “Ni contigo, ni sin ti...” (2007).



# Especial ‘Galicia presenta’

Dentro da programación do ALT queremos un ano máis amosar propostas de novos creadores galegos. O venres día 19 de marzo, aproveitando a visita de diversos directores doutros festivais, faremos un programa especial con tres traballos da nosa comunidade.

Utilizaremos os espazos habituais para iso e contaremos coa presenza de:

Carolina Fernández, creadora audiovisual, bailarina e performer.

Alfonso Rivera, profesor de mimo e expresión corporal na ESAD de Galiza e creador.

Uxía P. Vaello e Borja Fernández, artistas multidisciplinares procedentes de distintas artes como danza, circo e teatro.

Con este programa continúaase a andaina comezada o ano anterior co week end.

## Water Spring

Alfonso Rivera

**Venres 19 ás 19.00 horas na Casa das Artes**

**Xénero. teatro físico / Duración. 60’**

Inspirada na obra “Mizu no eki” do dramaturgo xaponés Ota Shogo, “Water Spring” (silent drama) recréannos unha paisaxe elemental no que unha serie de personaxes se relacionan cunha fonte de auga. O fluír do tempo, o movemento contido e o espazo baleiro caracterizan esta peza baseada na metamorfose actoral.

**creación e interpretación. ALFONSO RIVERA**



Licenciado en Interpretación Gestual pola Real Escuela Superior de Arte Dramático de Madrid (1999-2003). Fórmase na Ecole du Mime Corporal Dramatique cos últimos asistentes do pai do mimo moderno Etienne Decroux. Grazas a unha bolsa de excelencia estuda un Máster in Movement Studies na Central School of Speech and Drama de Londres.

O seu traballo como actor e director presentouse en países como España, Inglaterra, Francia, Italia, Bélxica, Noruega, Polonia e Eslovaquia. Traballa profesionalmente en Londres con destacadas compañías internacionais como Zecora Ura (Hotel Medea, Don't feed the Lions, A Dolls House). Fórmase en mimo corporal dramático cos últimos asistentes de Etienne Decroux: Steve Watson e Corinne Soum, traballando coa súa compañía Theatre du L'Ange Fou (The Grimm Files).

En España realiza máis de 12 montaxe con El Gato Negro, entre eles o espectáculo *Un Tal Pedro*, que recibe o prestixioso Premio a los Jóvenes Creadores de la Comunidad de Madrid (2003), así como mencións honoríficas no Istrapolitana Festival de Bratislava (Eslovaquia) e no Peer Gynt Award (Noruega).

Alfonso desenvolve tamén a súa actividade como profesor, impartindo cursos de Interpretación Xestual, Teatro Físico e Movemento en distintas universidades e escolas europeas como Central School of Speech and Drama (Londres), The Academy of the Science of Acting and Directing (Londres), Rose Bruford College (Londres), Real Escuela Superior de Arte Dramático de Madrid, ou Babes-Bolyai University, Cluj-Napoca (Rumania).

Como creador independente estrea o seu primeiro solo “YANAGI, *El Sauce Llorón*” na Sala Area 10, dentro do Festival Perfilmance Festival de Londres, 2005. Este espectáculo, que constitúe o primeiro da serie de dramas silenciosos, amosouse en varios festivais europeos e funde distintas técnicas interpretativas como o Mimo Corporal e a Danza Butoh.


# Arquitecturas Interiores

Carolina Fernández

Venres 19 ás 20.00 horas no MARCO

Xénero. work in progress multidisciplinar / Duración. 55'

Arquitecturas interiores é un *collage* de creacións visuais nun espazo escénico conceptual onde a actriz trata de escribir co seu corpo, voz e movemento un discurso íntimo en confrontación cunha realidade exterior. A obra artículase en torno a temas como a desestruturación do pensamento da cidade ou a procura dunha nova metodoloxía de habitar os espazos e de estar no mundo.



Carolina Fernández, creadora galega que traballa con distintas disciplinas presenta a súa obra escénica “*Arquitecturas Interiores*” (un *work in progress* en constante evolución) no festival Alt de Vigo. É unha exposición en vivo, é dicir, unha obra en movemento onde videocreacións, instalación, arte urbana, reciclaxe artística, moda, poesía, danza e teatro se combinan neste traballo escénico en busca dunha linguaxe propia.

A artista trata de escribir co seu corpo, voz e movemento un discurso íntimo en confrontación coa realidade exterior, como unha gramática escénica articulada arredor da intimidade, que xira en torno a temas como a desestruturación do pensamento da cidade ou a busca dunha nova metodoloxía de habitar os espazos e de estar no mundo.

Inténtase traer ao espazo escénico o noso primeiro escenario, a rúa, a realidade exterior na que vivimos como espazo de representación. Ese outro escenario e o lugar que nel ocupa o suxeito é o que quere mostrar este proxecto. A realidade do mundo no que vivimos tende a abolir a distinción entre o teatral e o real. O mundo contemporáneo xa é unha inmensa representación. O suxeito busca continuamente o seu lugar nel. O proxecto non deixa de mostrar en escena esa inquietude e invita a unha interrogación sobre o lugar do suxeito nesta sociedade contemporánea.

Este traballo artístico contou con importantes colaboracións:

Alfonso Pexegueiro: Escritor e poeta galego; escribiu un poema escénico en concordancia cos pensamentos da obra.

Gael Herrera: Montadora profesional; gravou e editou as videocreacións, estudou as súas aplicacións en escena.

Germán Gundín: Director técnico da obra, encargado da produción das videocreacións, iluminación, montaxe técnica.

Xavier Albertí: Músico e recoñecido director de escena catalán, aportou a súa visión externa ao proxecto.

**creación e interpretación.** CAROLINA FERNÁNDEZ  
**gravación e montaxe audiovisual.** GAEL HERRERA  
**texto.** ALFONSO PEXEGUEIRO  
**dirección técnica.** GERMÁN GUNDÍN

# Rewind, fantasías en 1987

Cía Uxía P. Vaello & Borja Fernández

Venres 19 ás 21.30 horas na Casa das Artes

Xénero. teatro-danza / Duración. 35'

Rewind. Fantasías en 1987 é un só de teatro danza no que un intérprete recrea con 200 quilos de cartón un ambiente ficticio que é froito da transformación das súas lembranzas de infancia, da distorsión da realidade, do desexo de ter nacido no afastado oeste, ser fillo dunha estrela do *country* e ter sido un auténtico *cow-boy* de Salcedo.

**intérprete.** BORJA FERNÁNDEZ

**diseño iluminación.** AFONSO CASTROP

**dirección.** UXIA P. VAELO



Borja Fernández e Uxía P. Vaello, procedentes de áreas diferentes das artes escénicas, teatro, circo, música o primeiro, e danza a segunda, comezan a súa colaboración con *Play* (2008), traballo apoiado polo Centro Coreográfico Galego e estreado dentro do programa Box Nova do Centro Cultural de Belém (Lisboa). "*Rewind. Fantasías en 1987*" é a súa segunda colaboración, un solo interpretado por Borja Fernández e dirixido por Uxía P. Vaello, e foi estreado o 29 de xaneiro na Sala Nasa de Santiago de Compostela.

Uxía P. Vaello desenvolve o seu traballo en danza contemporánea en Galicia dende 2007, tra-la súa volta de Lisboa, onde cursou estudos de danza na "Escola Superior de Danza de Lisboa" (2000-2006). En solitario creou "*Arder nun Hotel*" (2007) e en colaboración con outros artistas: "*Play*" (2008) e "*Rewind*" (2009), dúas pezas de teatro-danza con Borja Fernández, e "*Assemblage*" (2009), coa compañía andaluza Bikini.ducc., dirixida por Guillermo Weickert.

O traballo de Uxía P. Vaello foi presentado, entre outros lugares, en En pé de Pedra, Festival de Solos da Malaposta, Festival Espazos que danzan, BCSTX Mercat de les Flors, Centro de Artes de Sines, Centro de Artes de Sevilla, Centro Cultural de Belém, Lisboa, MOV'S Galicia 2008, Festival Entredanzas, Sala Nasa, Teatro Ensalle ou Festival Escena Contemporánea.

Participou en eventos como Skite/ Sweet&Tender Porto 2008, Peche do Festival Alcantara 2006 dirixido por Vera Mantero, ou Jamdansanasa; traballou como profesora e coreógrafa no Espazo de Danza da Universidade de Santiago de Compostela, para o cal creou "Cun par de Takóns!". Actualmente, traballa como intérprete coa compañía Voadora, no espectáculo "Super 8".

Borja Fernández é un intérprete autodidacta, cofundador da compañía Pista Catro (Novo Circo) e integrante do grupo de música experimental "*es un arbol*".

Participa activamente en cabarés colectivos (Sala Nasa) e traballa puntualmente con compañías de teatro e danza, artistas multimedia, *performers* e músicos.

Cos seus proxectos e en colaboración con outros artistas actuou por Galicia, España, Portugal, Mozambique, República Checa e Cuba a través de festivais Internacionais, intercambios artísticos e proxectos socio-culturais.

# Bodegones de un alma

Cía. Vero Cendoya

Sábado 20 ás 20.00 horas no MARCO

Xénero. danza, pintura, vídeo / Duración. 65'

BODEGONES DE UN ALMA” é un espectáculo de danza, vídeo e pintura, creado pola bailarina e pintora Verónica Cendoya .

Un espectáculo de danza que fala da alma como motor xerador da arte, e fíxase en concreto en tres estados da alma: o apego, a perda e a soidade compartida. Unha linguaxe única co que a pintura , a danza e o cine conversan sobre os asuntos da alma.

Envolto coa música orixinal de Adele Madau executada en directo, conta tamén coas creacións visuais do pintor e ilustrador Sergio Mora e o cineasta Fernando de France.

**intérpretes.** ADELE MADAU, GERALDINE MORLAT, VALENTI ROCAMORA e VERO CENDOYA

**iluminación.** JORGE FUENTES

**colaboradores.** BODEGON1: SERGIO MORA (pintura), Lagata Cristi (vídeo). BODEGON2: VERO CENDOYA (pintura), XAVIMORÓN e LAGATA CRISTI (vídeo). BODEGON3: FERNANDO DE FRANCE (vídeo)

**vestiario.** MAMAINÉS

**residencia.** LA CALDERA (Barcelona) e TEATRE ARTÂ (Mallorca)

**agradecementos.** JOAN MATAMALES, TONI MIRA, CRISTINA, XUS, ALEXIS EUPIERRE, XAVI GORDI, XAVI TORRES, MIRCO CLAES, JAVIER ABAD, MONICA e BENE

**sponsor.** CALDERA

**subvencionado por.** CONSELL NACIONAL DE LES ARTS DE CATALUNYA, CONCA



Nacida o 16 de xuño de 1976 en Barcelona, a creadora Vero Cendoya combina a súa carreira como bailarina e coreógrafa coa súa profesión de pintora e ilustradora.

Estuda no Institut del Teatre de Barcelona no Departamento de Danza Contemporánea. Obtén unha bolsa de estudos da Fundación Autor de dous meses en Nova York no ano 2000. En 2002 obtén unha bolsa da Generalitat de Catalunya de nove meses para Trisha Brown Dance Company & Movement Research en Nova York.

Estuda danza africana durante un mes en Senegal coa compañía de danza e música Jambí dirixida por Germain Acogny. Completa os seus estudos con mestres como David Zambrano, Jenifer Monson, Jeremy Nelson, Kristie Simson, Katy Duck, Julyen Hamilton, Nienke Rehoorst ....



# Días, Pasan, Cosas

Mandaíto Producciones

Sábado 20 ás 21.30 horas na Casa das Artes

Xénero. danza / Duración. 80'

Unha colección de imaxes poderosas, unha paisaxe construída a partir de distintas linguaxes, acrisoladas pola danza e o corpo, que invita á contemplación - non para loitar contra o tempo, senón para poñelo ao noso favor - chamadas a espertar os nosos sentidos e que, como o título do espectáculo, cada espectador debe ordenar.

**intérpretes.** JOSE M<sup>a</sup> SÁNCHEZ REY, MARÍA CABEZA DE VACA

**deseño iluminación.** PALOMA PARRA

**dirección.** GUILLERMO WEICKERT



A linguaxe escénica de Guillermo Weickert, debuxada con máis dunha ducia de traballos, preséntase como o heteroxéneo froito da súa ecléctica formación forxada na danza, pero tamén na interpretación. Este mozo creador titúlase no Instituto del Teatro de Sevilla, fórmase en danza clásica e contemporánea no Centro Andaluz de Danza e realiza diversos obradoiros de creación e bolsas de perfeccionamento, como as que desenvolveu coa compañía metros e no Centre de Développement Choreographique de Toulouse (Francia).

Prolífico bailarín e actor, cultivou a súa traxectoria interpretativa nalgunhas das máis destacadas agrupacións de danza contemporánea de fóra e dentro de España. Algúns exemplos son: Erre que Erre con “*Escupir en el tiempo*” (premio Max ao mellor espectáculo de danza 2006) , Mudances con “*El somriure*” , Rui Horta Stage Works con “*L.P.*” e La Permanente con “*Ha pasado un ángel*”.

Tamén en teatro formou parte do elenco de importantes compañía como Ur-Teatro ou Materile. Dende 1999, Guillermo Weickert tamén desenvolve a súa faceta de creador en distintos traballos cun profundo interese na mestura de disciplinas. Nunha primeira etapa céntrase na investigación coreográfica, producindo traballos en solitario como: “*Descenso (capricho)*”, “*Rock’n’roll Suicide*”, “*Paisaje Equivocado*”, ou dúos como “*DRESSCODE*”, “*A Pedir de Boca*”... cos que visita algúns dos festivais e programacións de danza máis relevantes de Europa, como Tanec Praha (Praga), Mapa Festival (Girona) , Box Nova (Lisboa), Escena Contemporánea (Madrid), Mercat de les Flors (Barcelona), etc

En 2006 inicia xunto ao músico portugués Vitor Joaquim o proxecto '*Go with the flow*', co que abordan obxectivos máis complexos como a fusión de linguaxes, ou o uso do multimedia e da electrónica. Co apoio de organismos portugueses e españois este proxecto concebido como 'work in progress' xera ata o 2008 diversos formatos e espectáculos e supón ademais o comezo dun tándem xunto a El Mandaíto Producciones, produtora sevillana de longa traxectoria que pasa a converterse na plataforma de creación dos proxectos de Weickert e axuda a consolidar o proxecto de compañía.

Neste novo proxecto de compañía abórdase a investigación sobre os límites da representación, sobre a posibilidade de invocar, dende a acción física e o tempo presente, un futuro que non existe aínda. O estudo das posibilidades do corpo para contar historias que só se acaban de entender coa perspectiva que da o paso do tempo e a necesidade de desentrañar e escavar no corpo recordos que parecen quedar arquivados nun conxunto de xestos e nunha memoria corporal que nos acompaña e que, ao mesmo tempo, nos conforma son algunhas das directrices do traballo desta compañía.

www.wifest

ivalt.org



 XUNTA  
DE GALICIA

 XACOBEO 2010  
Galicia

AGADIC

Axencia Galega das  
Industrias Culturais



Tenencia  
de Alcaldía  
Concello de Vigo



Concellería  
de Cultura  
e Animación  
Sociocultural  
Concello de Vigo



MARCO  
MUSEO DE ARTE CONTEMPORÁNEA DE VIGO

Vicerreitoría de Extensión  
Universitaria e Estudiantes  
Universidade de Vigo



SINSALAUDIO

III Institut  
ramon llull  
Llingua e cultura catalán

chamaite  
Facultade de Letras e Artes  
Universidade de Vigo



Ministerio  
de Cultura  
e Patrimonio

Noes  
café  
Teatro  
Asociación  
Cultural

Venda de billetes online:

 laboletería  
WWW.LABOLETERIA.ES

Información: [altvigo@yahoo.es](mailto:altvigo@yahoo.es) · 637 081 888 · 986 422 541 · Servicio de atención cidadá 010 (986 810 260 se chama fóra de Vigo ou móbil)